

CELA APELLATION D'ORIGINE

Inserido no epicentro das rías baixas o Morrazo agocha unha viticultura de atlántica estirpe. Nos últimos tempos do viño fora relegado e deixado sen amparo no organigrama vitivinícola do pais, algo que o ten aillado dalgunhas estandarizaciones e manelras uniformizadoras que dominaron unha época. Recordan a diluición de O Rosal, Condado, etc

Unha viticultura a do Morrazo diversa, con microespazos comunais, vilas e parroquias de orgullosa identidade. Terriñas xunguidas por un esquelete peninsular abeirado cara ás rías más estilizadas, coas ramificacións norteñas baixando cara a de Pontevedra: son as parroquias marinenses e unha parte das de Bueu, outros seus lares asómanse pola proa sobre as illas Cies e a illa de Ons. Soalleiras sureñas son as bravas parroquias de Cangas e Moaña que caen cara a ría de Vigo. Vilaboa, solitaria, gardas as costas da península, agochada nas beiras da prácida ensenada de San Simón.

Achégase, esta a piques de ser a IXP Ribeiras do Morrazo, que, baixo este nome abranguerá tamén os concellos de: Redondela (de longa tradición furancheira) Poio (o seu viñedo é limítrofe cos oficiais da d.o. Rías Baixas) e Pontevedra. No medio desta indicación ficará o concello de Soutomaior, que forma parte da denominación de orixe Rías Baixas desde os seus comezos...

Estuvemos entre tintas femias en Cela (parroquia de Bueu que ben merecería unha appellation comunale para si mesma) Noe, Xosé, Chamorro, Vilas e Rodri cos membros da Asociación de viticultores de Bueu Fernando García Cendón (presidente) Manuel Estévez e Francisco Parada. Catando e bebendo os viños dos colleiteiros que se presentarán à Festa da tinta femia. Fomos partillando impresións entre tragos cun sorriso na cara e a ledicia por estar disfrutando duns viños Auténticos, sinceiros, limpos, honestos, vivos, vibrantes, arroupados en aromas coa forza primaria do seu lar. Converteuse nunha xornada de placer e emoción porque cada copa servida era un gozo para os sentidos e para o espírito... simplemente iso que buscamos no Viño... iso mesmo que nos alonxa da cohorte de elaboracións sen alma nin carácter e carentes de Emoción.

Foi sorprendente que as dez adegas visitadas mostraran ese carácter, unha autenticidade marcada polas personalidades dos distintos viticultores, sen defeitos nen adornos. Desexamos que o futuro conserve esa sinceridade e honestidade.

Imaxínome a moitos narices de copa afnor, incrédulos, exprimindo os seus sentidos tentando atopar algún defeito.

Estos viños xa terán para esta anada na que estamos un amparo administrativo. Desexo que os tragos que disfrutamos se reproduzcan no futuro, e gañen en repercusión para ensinar polo mundo con autenticidade este territorio do viño. Que os que adecentan, pulen, dan corrección, visten e fan presentabeis os viños non desvirtuen a súa personalidade e identidade, que so necesitan unha pequena mellora nas manelras.

O 1, 2 e 3 de xullo será a XIII edición da recuperada Festa da Tinta Femia en Cela. Celabrarán e lembrarán ao primeiro pregoeiro da festa que non foi outro que Manuel María.